



Xavier Alcalá, por si mesmo



Eu nacín en Miguelturra, no máis seco da seca Mancha, que é parte de Castela a Nova onde se fala castelán con propiedade e gracia de lingua sen dúbidas. Ese foi o meu idioma primeiro. O segundo sería o galego, Ecce Homo dos idiomas, como escribín nos fértiles vinte anos, cando tentaba ser poeta.

Desde cativo souben o que era a loita desigual entre dúas linguas, e, porque algo me manda andar a contraño, tomei parte pola dos perdedores. Sei que isto non é un mérito, senón unha cuestión de carácter e quero deixar constancia do que penso cando xa vou vello e teño quen me agarime as barbas mentres me chama meniñamente "avó".

Fíxeme persoa en Ferrol, terra de aluvián. Son inmigrante en país de emigrantes e, como todos os que viñeron de fóra a un sitio desde outro que non dan lembrado (porque a memoria dos pequenos é incompleta: feita só de luzadas imposibles de situar), como todos eles, tento xustificar a vida agarrándome aos cabos da infancia que se fai adolescencia para logo ser mocidade: declaro o meu amor sen límite á Ferrolterra e ao recanto eumés.

Ese mundiño, que marca a fogo de circunstancia, abríame portas a mundos maiores, nas vastidades americanas a que non renuncio porque quixera ter vivido moitas vidas perdidas nelas...

Comecei a escribir (¿quen lembra xa iso?) por militancia galeguista. Fíxenlle letras de cancións ao malogrado Andrés do Barro, meu compañeiro de xogos na Porta Nova ferrolá e no areal de Cabanas.

Das letras pasei aos poemas ata que Ramón Piñeiro me indicou o camiño: "Imitas ben os poetas". Deixei logo de querer selo.

Hai trinta anos que escribo crónicas, do que vivín e do que outros viviron.

Tiven a sorte de me criar como achegado a unha tribo epopeica, a un pobo fillo da aventura que nace da desventura de sentirse inferior, porque outros lle amañaron a Historia.

Dos galegos tirei substancia literaria e por honradez da miña raza primeira, castelá; e escribín o que me dictaron na lingua que uns aman e outros rexeitan, porque esta xente galega (fáganme caso, señores políticos) é colectivamente esquizofrénica.

Dou gracias a todos, sen embargo, xa que de bos e xenerosos tomei materia positiva, e dos miserables a negativa: en artigos, narracións breves, novelas e relatos de viaxe, en todo o meu, hai do glorioso e do ruín dos que comigo foron facendo camiño. Quen teña paciencia de ordenar por temas o que me veñen publicando —desde o 71— verá que a emigración, a saudade, a dor de distancias, a necesidade de comer a Terra (que é de todos os homes, como escribiu Rosalía) son constantes no que practiquei en horas roubadas ao sono; en esperas de aeroporto, en fastíos de voo; en fins de semana de encerro.

Mírese o que significou Voltar, seis personaxes e un fado; obsérvense cantas narracións das que deixei por escrito se poderían cualificar dentro dun (perdón pola pedantería) "conxunto americanista", que envolve outro "arxentinista", á súa vez contedor do máis intensamente expresivo, o "patagonista". A emigración acompañoume desde o Madrid vulgar onde tantos fomos emigrantes ata os recunchos máis insospeitados do Cono Sur das Américas.

Tampouco me faltou tempo para retratar o Impaís, que non se entende sen a marcha para os lonxes; nin a realidade que nel houbo mentres nel existín. Nin me puiden retraer ao desexo de contar o pasado segundo o deduzo das lecturas ou das relacións oídas.

Como personaxe que son do meu tempo, "a guerra" (non fai falta dicir cal) perségume coma pantasma familiar, con toda a súa compañía de horrores. O conflito fratricida non se escapa das referencias, é pano de fondo do publicado ou mesmo escenario de novelas que agardan momento de publicación.

Son os meus temas, que me gustaría ter escrito nunha lingua universal nas formas, non neste galego "demótico" (tomo a



Tertulias Literarias

definición de Ricardo Carvalho, ferrolán, amigo de Ernesto Guerra da Cal, tamén deses pagos nosos) en que a diglossia tremens dos galegos me obriga a escribir.

Quen me dera facelo nunha lingua literaria que, conservando peculiaridades morfolóxicas, fose graficamente unha co portugués normativo.

E aquí remato presentación, a pedir desculpas aos lectores —algúns entusiastas, relectores— das miñas vaidades: Que me perdoen o non ter acertado aínda co corpo perfecto da historia que entre todos —xente e autor— deberíamos converter en mito para facermos país.

País, pois que os países se asentán en historias reinventadas.

Como as Historias oficiais.

Xavier Alcalá. A súa figura en “Praza das Letras”

Xavier Alcalá Navarro é un dos novelistas galegos de traxectoria máis sólida e con máis respaldo do público. É ademais un novelista independente, situado á marxe das correntes das épocas, cunha prosa onde se mesturan diversas temáticas, cun estilo sinxelo e directo. A súa obra máis coñecida é *A nosa cinza*, todo un clásico das novelas de aprendizaxe.

Xavier Alcalá naceu na vila manchega de Miguelturra, provincia de Cidade Real, en 1947. Porén, dende moi novo viviu en Ferrol, co que non se pode considerar un escritor alófono: criouse literariamente en galego. Doutor en enxeñería de telecomunicacións, ten traballado como enxeñeiro deste ámbito creando empresas privadas, e tamén nos últimos anos como asesor ou responsable de centros públicos de promoción do I+D industrial e tecnolóxico. Ademais, é profesor universitario en enxeñería dende hai máis de 25 anos. Na actualidade é director da OPIDI, unha iniciativa da Consellería de Innovación e Industria para asesorar os investigadores que buscan financiamento internacional.



Comezou coa literatura a través da poesía e compoñéndolle letras de cancións ao seu amigo Andrés do Barro, un dos cantantes pop máis importantes da historia de Galicia. Despois muda para a narrativa, e en 1972 publica o libro de relatos *Volta, seis personaxes e un fado*. En 1978 gaña o Pedrón de ouro de relato con *A fundición*, e debuta na novela coa publicación de *A insua*, adscrita polos críticos aos canons da "Nova narrativa". Dous anos máis tarde chégalle o éxito con *A nosa cinza*, un dos títulos máis lidos na literatura galega contemporánea e onde se viu reflexada toda a xeración da posguerra. Pertence ao xénero da *bildungsroman*, ou novela de aprendizaxe, e relata a formación dun rapaz galego dende as memorias infantís ata o ingreso na universidade, coincidindo cos movementos sociais de 1968. A amizade, o sexo, a relixión e en xeral, todas as experiencias de aprendizaxe preséntanse dende unha óptica existencialista.

Nese mesmo ano escribe *Fábula*, pola que recibe os premios Cidade da Coruña e da Crítica española, onde segue coa exploración histórica, neste caso da guerra civil, e dous anos máis tarde, en 1982, introdúcese plenamente na temática argentina publicando *Nos pagos de Huinca Loo*, onde aborda a emigración dos galegos á Pampa. Nos anos oitenta continúa publicando narrativa breve como *O Larvisión e outros relatos* (1984), onde recolle un conto que recibira o premio Francisco Lanza no 81, coa novela (*Tertulia*, de 1985, e *Fumes de papel*, de 1988). A seu gusto polo exótico e pola descrición de paisaxes e sociedades alleas lévaos a explorar de novo a Patagonia na novela *Latitude austral*, de 1991, pero sobre todo nos libros de viaxes, que a partir da década dos noventa fanse frecuentes na súa traxectoria: *Argentina* (1990), *Viaxes no país de Elal* (1992), *La Habana flash* (1998)...

A culminación da súa obra narrativa chegoulle a mediados da década do 2000, co inicio dunha triloxía onde revisita as constantes da súa narrativa: a recuperación da memoria histórica, a preocupación polos marxidados e as minorías, as viaxes e mais as novelas de emigración, reunidas nunha soa e extensa trama. Dela, titulada *Evanxélica memoria* por Alcalá apareceron polo de agora dous títulos. *Entre fronteiras*, de 2004, é unha novela coa que cubría a vida dunha comunidade protestante na Galicia da Segunda República e da guerra; o segundo, *Nas catacumbas*, continúa o seguimento desa comunidade na inmediata posguerra e a súa persecución polo catolicismo dominante.



Tamén ten traducido obras clásicas como *A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson, ou *Un estudio en escarlata* de Conan Doyle, así como recompilacións de artigos de xornal (onde a súa produción é moi abundosa e dilatada ao longo dos anos), reflexións sobre a clase empresarial (*A galegidade empresarial*, de 1996), e métodos de aprendizaxe de galego, coma *O galego hoxe*, de 1978.

Entrevista con Xavier Alcalá na revista "Qué leer" (xuño 2009)

Xavier Alcalá es ingeniero de Telecomunicaciones y doctor en Informática, imparte clases en la universidad, asesora a empresas de tecnología punta, trabaja para la Xunta en Bruselas tratando de traer a Galicia subvenciones para proyectos de I+D, y además es también autor de uno de los libros más leídos de las últimas décadas, *A nosa cinza*; escribe una columna de opinión en *La Voz de Galicia* y despliega una actividad literaria apabullante. Dos traducciones al castellano y la reedición de *Código Morse* están en el candelero. Alcalá da la sensación de que se mueve un veinte por ciento más rápido que el resto de los mortales. El tiempo le cunde el doble.



En un pis pas es capaz de darle a uno una vuelta por el Centro de Innovación y Servicios (CIS) de Ferrol y organizarle a continuación una doble visita cultural y gastronómica de un solo tiro llevándote a comer al restaurante O Escudo, a zamparte unas almejas de la ría que curan hasta la miopía, y así visitar al mismo tiempo la casa natal de Torrente Ballester reconvertida en restaurante. También es capaz de despachar un rodaballo mientras habla a través del pinganillo del móvil resolviendo un problema relacionado con una instalación de fibra óptica y retomar perfectamente el hilo de la conversación sobre las andanzas de Cunqueiro o la última reunión del Pen club.

A Alcalá, el latiguillo del gallego que no sabe si sube o si baja podría aplicársele desde el punto de vista de que, mientras uno está descansando en el rellano de la escalera, él ya ha subido y bajado cuatro veces. Conversador torrencial y apasionado, es un hombre de ciencia poseído por la bendita maldición de la literatura. Vive a cuatro patas: con un pie en Ferrol, otro en A Coruña, una mano en Bruselas y la otra en Argentina por la familia de su esposa, y sin dejar de mirar de reojo a Portugal, como gran defensor del eje Atlántico que une cultural y económicamente la costa Oeste peninsular.

PODER NAVAL, PODER MUNDIAL

¿Por qué en su documento de identidad dice que un gallego de pura cepa como usted nació en Miguelturra, Ciudad Real?

Porque es verdad: por allí anduvo mi padre de médico durante creo que tres años. Pero uno es de donde aprendió a leer y de donde aprendió las palabras claves de la infancia.

Escritor, columnista en prensa, ingeniero de telecomunicaciones, profesor en la universidad... Y, como se aburría, estos últimos años anda de técnico de proyectos europeos de la Xunta en Bruselas... ¿Nunca para quieto un rato?

A veces duermo la siesta, pero los aeropuertos y los aviones dan mucho tiempo para escribir. Y también lo da la soledad de un apartamento en Bruselas.

¿Y qué tal la vida en la capital belga?

Ando mucho con un escritor admirado, vecino de barrio, Xavier Queipo. Es uno de los autores de la Constitución Europea en verso. Allí hay vida literaria en muchos idiomas. Passa Porta es una institución importante en la capital de la Unión...

Ha vivido en primera línea el cambio político en Galicia. ¿Qué balance hace de esta incursión en el mundo de la política, aunque sea como técnico?

Trabajar para las administraciones no es lo mismo que hacer política. Los técnicos no sabemos salir de nuestro mundo. Y algunos, como Queipo o como yo, dedicamos el tiempo que nos sobra a la locura de escribir. Eso es una debilidad o una fortaleza cuando cambian los patrones.

¿Cómo se puede tener en la misma cabeza el cerebro pragmático y preciso de un ingeniero de telecomunicaciones y la volatilidad de un escritor de viajes y aventuras? ¿No entran alguna vez en conflicto?

Los escritores somos unos psicópatas que se equilibran, más o menos, por el ejercicio de la literatura. Algunos tenemos la suerte



de poder trabajar muchas horas en algo liberador, no literario. Queipo vigila las pescas europeas; yo intento conseguir subvenciones para I+D. Los cerebros se van compartimentando con el tiempo.

Se publica diez años después de su edición en gallego Alén da desventura como Al sur del mundo. ¿Qué quería reivindicar en esta novela de aventuras marítimas con el irreductible arsenal de Ferrol como referente?

Recordar que hubo otro mundo, en otra época, en que la gente era muy valiente y se lanzaba a lo desconocido, hasta "la acabación de la Tierra". Entonces Ferrol era la capital naval del imperio de los Borbones. Allí, desde su arsenal, se jugaba mucho. Como decían entonces: "Poder naval es poder mundial".

Ferrol es una ciudad que queda en un extremo de la península, que no está en mitad de ningún camino, a la que hay que ir de propio, una ciudad de astilleros venidos a menos, que se llamó Ferrol del Caudillo y a la que muchos gallegos consideran una ciudad fea. Pero, ¿qué oculta Ferrol?

La mayor concentración de conocimiento técnico per capita de España. Es una ciudad de técnicos (demasiados de ellos hoy jubilados). Además, la Ferrolterra es lindísima. Y se come muy bien.

LA REVOLUCIÓN Y EL TIRANO

En Habana Flash lo vemos transitando una de las provincias gallegas de ultramar. ¿Qué buscaba en aquel viaje? ¿Y con qué se encontró?

Pocos españoles, y casi ningún gallego, se escapan de la relación familiar con Cuba. La intriga sobre la realidad de Cuba, más allá del turismo, lleva a muchos de nosotros a estrellarnos contra un mundo de arbitrariedad y represión, de desprecio a la persona y miedo a la libertad. Y hambre, hambre física, para todos los que no pueden pagar en dólares o en euros.

¿Hay alguna revolución en la que aún podamos creer?

La que parecía iniciar Fidel Castro, antes de que se viese la verdad personal que ocultaba: la de un tirano capaz de eliminar a quien le hiciese sombra y de engañar al pueblo.

¿Por qué un hombre que a la única cofradía que pertenece es la Irmandade dos Viños Galegos se lanzó a escribir una de las obras más importantes que hay sobre el protestantismo en España?

Porque me crié entre evangélicos. Nos decían que no anduviéramos con ellos, porque eran "raros". Claro que lo eran: vivían en las catacumbas. Eran otros disidentes del franquismo nacional-católico. Pero eran amigos, y ejemplarmente honrados. Cuando llegamos a mayores, se decidieron a hablar. Y cómo hablaron... Yo sólo tomé notas.

¿Qué le queda por hacer a estas alturas?

Lo que permita la salud. Quién me diera llegar tan sano a los ochenta años como Carlos Fuentes... Ahora tengo tres historias en el cocedero. Una vez más aparece el problema de cómo escribirlas. Como dice Xavier Docampo, hacer una buena novela es fácil: teniendo una buena historia y contándola bien... Fácil, sí, fácil...

Usted viaja constantemente y ha estado en un montón de países, ha visitado los rincones más recónditos del planeta... Pero, si un día decide retirarse del mundanal ruido, ¿dónde habría que buscarlo?

La mitad del tiempo en Galicia y otra mitad entre Argentina y Brasil... Bueno, y de cuando en cuando en Grecia.

Fontes:

<http://xavieralcala.blogaliza.org/biografia/>

<http://www.prazadasletras.org/letras/autores/autor/14/xavier-alcala-navarro>

<http://www.que-leer.com/2004/xavier-alcala-de-la-fibra-optica-a-la-sensible.html>

También recomendamos:

<http://xavieralcala.blogaliza.org/> (Blog persoal do autor)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>